



Concello de Oza-Cesuras

BASES QUE HAN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URGENTE EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO SUBSTITUTO ADSCRITO AO PUNTO LIMPO, CON FUNCIÓNS EVENTUAIS DE PEÓN MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DURANTE AS VACACIÓNS DA TITULAR A DESFRUTAR DENDE O 26 DE FEBREIRO ATA O 11 DE MARZO DE 2020 (AMBOS INCLUÍDOS).

1.- Obxecto

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de auxiliar administrativo substituto adscrito ao punto limpo con funcións adicionais de peón encargado da recepción, rexistro, distribución, clasificación e entrega dos diferentes residuos depositados no mesmo, durante as vacacións da titular que actualmente desempeña ditas funcións a desfrutar dende o 26 de febreiro ata o 11 de marzo de 2020 (ambos incluídos)

Modalidade: contrato laboral de duración determinada por substitución de función (interinidade).

Prazo de duración: 15 días, dende o 26 de febreiro ata o 11 de marzo de 2020.

Xornada laboral: parcial (20 horas semanais)

2.- Obxecto dos contratos

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias do citado posto de traballo adscrito ao punto limpo e, adicionalmente realizará traballos de peón consistentes na recepción, rexistro, distribución, clasificación dos residuos depositados no punto limpo, así como a xestión da súa entrega aos xestores autorizados.

3. Requisitos das persoas aspirantes

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento





Concello de Oza-Cesuras

que sexa competente para iso. Os aspirantes con alguna discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de graduado escolar, ESO, ESA, formación profesional de 1º grado ou equivalente.

2. Os anteriores requisitos haberan de reunirse con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación das solicitudes ou instancias para tomar parte nos correspondentes procesos selectivos

4. Forma e prazo de presentación de instancias

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792000 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes será de tres días naturais desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio da convocatoria do proceso selectivo na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es), no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, en horario de 8:30 a 14:00, ou ben telemática na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital.





Concello de Oza-Cesuras

2. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude.

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

3. A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

a) Fotocopia auténtica ou cotexada do DNI ou documento correspondente ao país da UE

b) Fotocopia auténtica ou cotexada do carné de conducir tipo B.

c) Documentación acreditativa de posuír a titulación esixida

d) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

e) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

5. Admisión das persoas aspirantes

1. O mesmo día do remate do prazo de presentación de instancias a partires das 15:00 horas, a Alcaldía ou órgano delegado dictará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

6.- Tribunal seleccionador

O Tribunal seleccionador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do Concello de Oza-Cesuras.



Concello de Oza-Cesuras

Non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

7.- Criterios de selección.

Os criterios de selección serán os seguintes:

1^a.- **Fase de concurso.** Puntuación máxima: 3 puntos.

- Experiencia profesional servizos laborais prestados desempeñando tarefas de auxiliar administrativo ou similares nunha Administración local **ata un máximo de 2,00 puntos.**

Computarase 0,05 puntos por mes completo, realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e acreditados no informe de vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes.

- Posuir carnet de conducir tipo B: **1 punto**

Acreditación de méritos:

- A experiencia profesional deberá ser acreditada con orixinais ou copias auténticas dos correspondentes contratos laborais e informa de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións Públicas.

A experiencia non acreditada desta forma non será tida en conta.

Toda a documentación acreditativa da experiencia profesional deberá acompañar á instancia ou solicitude.

- A posesión do carnet de conducir tipo B acreditarase mediante copia auténtica do permiso de conducción.

Non serán valorados os méritos das persoas que non se acrediten do xeito e no tempo indicados.

2^a.- **Fase de oposición.** Puntuación máxima 7 puntos.

Consistirá en:

a. Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo. Esta proba escrita será un test de 10 preguntas nun tempo máximo de 25 minutos e **valorarase de 0 a 2 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 0,60 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,20 puntos.

b. Realización dunha proba práctica aos/as aspirantes que superen o exame tipo test que consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas tarefas de





Concello de Oza-Cesuras

admisión, rexistro, recollida, clasificación e almacenamento separado de residuos no punto limpo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

A proba práctica **cualificarase de 0 a 3 puntos** e será necesario para superalo un mínimo de 1,5 puntos.

c. Realiación dunha entrevista persoal aos/ás aspirantes que superen a proba práctica, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interés demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira así como do termo municipal de Oza-Cesuras e será cualificada cun **máximo de 2 puntos**.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización da fase de concurso nin da fase de oposición, sempre que único/a candidato/a presentado reúna todos os requisitos esixidos na convocatoria.

8.- Resolución do procedemento.

Rematado o proceso selectivo, a Comisión Seleccionadora disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, que virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1º.- Puntuación obtida na fase de oposición (proba práctica).
- 2º.- Puntuación obtida na fase de oposición (exame tipo test).
- 3º.- Puntuación obtida na fase de concurso (experiencia laboral).
- 4º.- Puntuación obtida na fase de oposición (entrevista persoal).
- 5º.- De persistir o empate, resolverase por sorteo.

Seguidamente a Comisión seleccionadora elevará dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formalización do correspondente contrato laboral.

Non caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas non sera preciso levar a cabo a fase de concurso nin a fase de oposición.

Dada a urxencia en levar a cabo a citada contratación, xa que neste momento non se está atendendo o servizo, a valoración da experiencia laboral levarase a cabo o vindeiro luns 24 de febreiro de 2020 ás 9:00 horas na sede municipal de Oza dos Ríos, os seus resultados serán publicados previsiblemente antes das 10:00 horas e a celebración, no seu caso, o exame tipo test terá lugar ese mesmo día ás 10:30 horas á que os candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI e os resultados serán publicados previsiblemente antes das 11:30 horas, no seu caso, a realización da proba práctica terá lugar ese mesmo día ás 12:15 horas e os seus resultados previsiblemente serán





Concello de Oza-Cesuras

publicados antes das 13:30 horas, finalmente no seu caso, a entrevista terá lugar ás 14:30 horas.

8.- Selección

Seleccionarase á persoa que obteña maior puntuación. Para estes efectos, unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e, potestativamente, na páxina web do concello, e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numericamente, a relación ou listaxe de candidatos e elevará a dita relación a alcaldía, xunto coa proposta de contratación á Alcaldía para os efectos de formalizar o correspondente contrato laboral.

9.- Documentación

A persoa aspirante proposta para formalizar o contrato laboral, deberá presentar antes das 15.30 horas do luns 24 de febreiro de 2020, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10.- Contratación

Concluído o proceso selectivo, cumprida a condición indicada no parágrafo 2º da base 8 e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá mediante o correspondente decreto a acordar a contratación do persoal laboral temporal substituto.

11.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello de Oza-Cesuras (www.concellodeozacesuras.es).

ANEXO.- Temario

Tema 1. De los interesados en el procedimiento administrativo.





Concello de Oza-Cesuras

Tema 2. Nocións básicas do procedemento administrativo xeral: iniciación, ordenación, instrucción y finalización.

Tema 3. Procedimiento administrativo local: el registro de entrada y salida de documentos.

Tema 4. Admisión, rexistro, recollida, clasificación e almacenamento separado de residuos no punto limpo.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,
Asdo.: José Pablo González Cacheiro

